

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, admitidas e excluídas para o curso académico 2023/24 de conformidade coa Orde do 15 de abril de 2019, código de procedemento ED010A,(DOG nº 82, do 30 de abril)*

Mediante Resolución do 15 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, aprobouse e se fixo pública a relación provisional de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 15 de abril de 2019, código de procedemento ED010A (DOG nº 82, do 30 de abril), para o curso académico 2023/24.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada relación provisional e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no citado procedemento, e facelas públicas no portal da Internet desta consellería, consonte co disposto no artigo 11 da Orde do 15 de abril de 2019, logo da proposta da comisión de valoración, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde de 29 de xullo de 2022 (DOG nº151, do 9 de agosto),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer público no Anexo I desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral admitidas e excluídas do corpo de mestres.

Segundo. Aprobar e facer público no Anexo II desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral admitidas e excluídas dos corpos de secundaria.

Terceiro. Aprobar e facer público no Anexo III desta resolución a relación definitiva de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral admitidas e excluídas do persoal laboral docente de relixión.

Cuarto. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición, obrigatoriamente por medios electrónicos mediante o trámite activado no procedemento ED010A, no prazo dun (1) mes ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web esta consellería, de conformidade cos artigos 8.2, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa



Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

